



Concello da Pastoriza (Lugo)

BANDO

AXUDAS PARA O IMPULSO DA ACTIVIDADE ECONÓMICA NO TERMO MUNICIPAL DA PASTORIZA PARA PALIAR OS EFECTOS DA COVID19

D. **PRIMITIVO IGLESIAS SIERRA**, Alcalde-presidente do Concello da Pastoriza (Lugo),
FAI SABER

Que no BOP núm. 269 de data 23/11/2020 se publicou a convocatoria das **AXUDAS PARA O IMPULSO DA ACTIVIDADE ECONÓMICA NO TERMO MUNICIPAL DA PASTORIZA PARA PALIAR OS EFECTOS DA COVID 19**

OBXECTO DAS AXUDAS

O obxecto outorgar unha axuda para paliar as perdas económicas ás persoas autónomas e entidades mercantís, con ou sen personalidade xurídica, da Pastoriza, afectadas directamente como consecuencia da suspensión da apertura ao público establecida no R.D. 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada pola COVID-19,

Son gastos subvencionables:

- Gastos de aluguer no período comprendido entre o 01/03/2020 ata o 30/04/2020.
- Primas de seguros no período comprendido entre o 01/03/2020 ata o 30/04/2020.
- Subministracións e gastos correntes: auga, teléfono, internet, electricidade, gas, servizos de seguridade, no período comprendido entre o 01/03/2020 ata o 30/04/2020.
- Cotas á seguridade social do traballador autónomo no período comprendido entre o 01/03/2020 ata o 30/04/2020.

REQUISITOS PARA SER BENEFICIARIAS/OS

1. Poderán solicitar esta subvención aquelas persoas físicas autónomas e entidades mercantís con ou sen personalidade xurídica propia, que motivan a concesión da subvención, e que cumpran os seguintes requisitos:

- a) Que a actividade que desenvolve o beneficiario ou entidade se atope no termo municipal da Pastoriza, e que se tivera visto afectada polo peche de establecementos disposto no RD 463/2020 de 14 de marzo (o cumprimento de dito requisito será verificado pola administración municipal mediante o domicilio de actividade que figura na alta no censo de obrigados tributarios nesta data).
 - b) Estar dado de alta no réxime da Seguridade Social ou na Mutua profesional correspondente e en Facenda no momento da presentación da instancia.
 - c) Non atoparse incurso en ningunha das circunstancias recollidas no artigo 13.2 e 13.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e en particular, estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Facenda estatal (AEAT) e coa Tesourería Xeral da Seguridade Social (TGSS).
- Este requisito debe cumprirse desde a data de presentación da solicitude ata a data do pagamento da subvención, no seu caso. (Dito requisito será declarado responsablemente polo solicitante no modelo normalizado de solicitude de subvención no Anexo I).
- d) Non ter débeda algunha pendente co Concello da Pastoriza. Este requisito verificarase de oficio pola Administración e debe cumprirse desde a data de presentación da solicitude ata a data do pagamento da subvención, no seu caso.
 - e) En caso de comunidades de bens, sociedades civís ou outras entidades económicas sen personalidade xurídica debe nomearse un representante apoderado, con poderes bastantes para cumprir as obrigas que corresponden á agrupación ou comunidade de bens. Así mesmo, e nos termos previstos no artigo 11.3 LXS, a agrupación ou comunidade de bens non poderá disolverse ata que transcorra o prazo de prescrición a que fan referencia os artigos 39 e 65 LXS. Así mesmo, en caso de concesión da subvención, a resolución conterá as porcentaxes de participación das persoas integrantes na entidade beneficiaria, en función dos cales participarán nos dereitos e obrigas derivados do outorgamento da subvención, e no seu caso, do seu reintegro.

LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

- LUGAR : **Rexistro Xeral do Concello**, Praza de Galicia, 1 –Pastoriza (Lugo) ou a través da sede electrónica municipal (apastoriza.sedelectronica.gal).
- PRAZO: será de **20 días (HÁBILES)** dende o seguinte publicación das bases e convocatoria no Boletín Oficial da Provincia (**ATA O 22 DE DECEMBRO DE 2020**)
- DOCUMENTOS A PRESENTAR: modelo de solicitude e anexos recollidos nas bases xunto a documentación a que se refire a [base 7](#).

Á solicitude, anexos e bases, ESTAN DISPONÍBILES, no taboleiro de anuncios da sede electrónica www.apastoriza.sedelectronica.gal e nas oficinas municipais.

A PASTORIZA NA DATA DA SINATURA

O ALCALDE - PRESIDENTE

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE A MARXE

